

## Contidos mínimos para 2º ESO

### 1. Primeiro trimestre. 1ª Avaliación : módulos 0, revisión , 1 e 2

#### **Funcións da linguaxe e gramática.**

- Os verbos regulares e irregulares mais frecuentes en presente de indicativo..
- Os verbos pronominais básicos para expresar as actividades cotidiás.
- Expresión da hora e descripción das actividades do día.
- Os verbos ao presente: **Faire du/de la, de l'/des + activité de loisir, jouer du /de la, de l', des + instrument de musique, Jouer au /à la / à l' / aux + sport de valle ou ballon et jeux de société.**
- As interrogacións básicas.
  - *C' est un/ une .... qui*
  - Preposicións de lugar ( villes ey pays).
  - *Avoir mal au / à la / à l' / aux + parties du corps.*
  - Os verbos “pouvoir” e “vouloir”

#### **Fonética.**

- Alfabeto e revisión dos sonidos vocálicos / consonánticos propios do francés. Enlaces.Diptongos
- Entoacións básicas.
- Sonidos [a] nasal, [o] i [e] nasais.
- Sonidos [uj]

#### **Léxico.**

- Ropa e cores. Material escolar. Números elevados (jusqu' à un million)
- Adxetivos de descripción. Países e nacionalidades. Sensacións ( **avoir faim, soif, mal, peur** )

### 2. Segundo trimestre. 2ª Avaliación : módulos 3 e 4

#### **Funcións da linguaxe e gramática**

- Indicar unha acción inmediata. Futuro próximo.: *Aller + infinitif*
- *Aller au / à la, à l' / aux + lugar*
- *Venir du/ de la/ de l' / des + lugar.*
- *On = tout le monde.*
- Adxetivos posesivos ( varios poseedores)
- *Je voudrais* ( politesse)
- Redución da frase con axuda dos pronomes persoais COD .
- Cantidades.
- (Preposicións de lugar con DE. )
- (O “*passé composé*” (1) : formation et auxiliaires), dependendo do nivel do grupo.

### **Fonética.**

- Sonidos [b] ,[v] ,[f]
- Sonidos [œ] y [ø]
- é (e ) (s) , er, es, et, ez = [e]
- Sonidos [s] e [z]
- Sonidos [R] ,[gr] , [kR] , [tR]
- ( Sonidos [ʃ] e [s] )
- ( Sonidos [j] e [g] )

### **Léxico.**

- Vila: lugares, itinerarios. Profesións. Actividades e ocio.. Deportes e pasatempos
- Compras e tendas de alimentación. Alimentos básicos (1). (Recetas).
- A casa, obxectos e mobles. Descripción do meu cuarto. Expresións de lugar. Números ordinais.

## **3. Terceiro trimestre. 3ª Avaliación: Módulos 5 e 6.**

### **Funcións da linguaxe e gramática**

- (O “*passé composé*” (2) : *participes passés en [e] , [i] , [y]*), dependendo do nivel do grupo, só información
- (O grao comparativo e superlativo.)
- O futuro simple: formación e verbos irregulares.
- (Os pronomes COD co presente e o futuro.)

### **Fonética.**

- Sonidos [aj] e [ɛj]
- Sonidos [y] , [u] e [i]
- Sonidos [k] e [g]
- Sonidos [d] e [t]

### **Léxico.**

- Expresións de tempo ( frecuencia)
- Alimentos (2)
- Estacións e meteoroloxía. Os animais da sabana. Números ( medidas e cantidades )
- Expresións de tempo ( futuro)

**Os contidos de 1º ESO por ser fundamentais, considéranse básicos para superar a materia.**

## 2.5.2. Criterios de cualificación comúns para 1º, 2º e 3º da ESO

Tendo en conta que a avaliación é continua, formativa, orientadora e individualizada, valorarase positivamente o progreso realizado polo alumno e cualificaranse todas e cada unha das actividades realizadas diariamente, considerando a calidade e corrección así como a actitude, a colaboración e o grao de esforzo co que se realicen tanto na clase como na casa, e tomando en todo caso como referencia os criterios de avaliación anteriormente expostos para cada unidade.

Os alumnos serán informados ao comezo do curso dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación esixibles para obter unha valoración positiva, así como dos criterios de cualificación e instrumentos de avaliación.

A nota final de cada avaliación obterase tendo en conta as seguintes porcentaxes:

|  |                     |
|--|---------------------|
| 1) <b>Media do control intermedio</b> incluíndo a escoita (a mediados de cada trimestre) e o <b>exame escrito final de avaliación</b> .  | 80% Máximo 8 pts.   |
| 2) <b>Traballos</b> para facer na <b>casa</b> e control <b>do caderno</b> persoal + participación en francés en clase, nas lecturas, diálogos, etc<br><b>Asistencia, comportamento e traballo</b> na aula. | 20% Máximo 2 pts.   |
| <b>Total:</b>  | 100% Máximo 10 pts. |

- 80% para as probas escritas e de expresión e de comprensión oral .
- 20% para o traballo cotián e de expresión oral na aula (traballo de aula e traballo persoal na casa) e para a actitude xeral, atención e interese.

A calificación final da avaliación, obterase da suma das notas obtidas nos diferentes bloques, sempre e cando no **apartado 1 se obtivese unha calificación mínima de 4**, resultante da media das calificacións nos diferentes instrumentos de avaliación, excepto no **1º trimestre**, no que excepcionalmente, **no 1º ciclo** podería facerse a **media cunha nota de 3,5** puntos.

En caso de non ser así, a calificación final non incluírá as calificacións parciais do apartado 2.

Asemade, teranse en conta outros aspectos (ver estándares):

- Progresos académicos realizados na aula (constatables por observación directa e/ou a través do caderno)
- Actitude de cara a materia
- Comportamento cos iguais e co profesorado

O redondeo farase á alza á unidade inmediatamente superior, sempre que se cumpran os seguintes requisitos (todos):

- A décima da nota real resultante da ponderación deberá ser igual ou superior a 5.
- Non se poderán ter máis de 3 faltas de deberes acumuladas no trimestre.
- As notas do caderno e do comportamento deberán ser B ou MB.
- Ter entregado tódolos traballos e/ou proxectos.

Se un alumno fose sorprendido copiando nun exame, esta proba sería cualificada cunha nota de **cero**.

A **avaliación é continua**, é dicir, recuperarase nos exames da seguinte avaliación, cumprindo ademais todos os requisitos sinalados mais arriba, sendo **imprescindible** para **superar** a materia en **xuño** ter **traballado nas clases**, e **ter aprobada polo menos a 3ª** avaliación. En caso de ter aprobadas a primeira e a segunda avaliación e **suspensa a terceira**, farase unha **recuperación final** en **casos moi extraordinarios**.

O **suspenseo da última avaliación**, por tanto, **implica acudir á convocatoria extraordinaria co curso completo**.

### **2.5.3. Criterios de promoción comúns para 1º, 2º e 3º da ESO**

#### **1) Exames e controis: 80 % da nota ( 60% escrito + 20% oral )**

– Para valorar a adquisición dos contidos explicados, realizaranse como mínimo 2 controis escritos en cada avaliación nos que se incluírán os coñecementos traballados durante a mesma. Nos controis valoraranse os catro núcleos temáticos (consultar a táboa cos criterios específicos).

Por iso, **nos controis escritos incluíranse:**

- ✓ Actividade de comprensión e expresión oral.
- ✓ Actividade de comprensión escrita, que pode ser a tradución de frases sinxelas en francés.
- ✓ Actividade de expresión escrita, por medio de frases sinxelas, segundo o nivel do grupo.
- ✓ Actividades sobre o coñecemento da lingua (aspectos gramaticais e lexicais)

– Os controis estarán avaliados entre 0 e 8 puntos. Con “5/10 e 4/8” puntos aprobase o control e a media da avaliación farase sempre que se teñan entre 3,5-4 puntos nas probas escritas e bon aproveitamento nas clases, é dicir, sempre que se cumpra o punto 2 do cadro adxunto cun ben ou excelente.

#### **2) Traballo persoal e actitudes cara á materia: procedimentos 20% da nota**

- Traballo persoal en casa e na aula.

- Para avaliar o recoñecemento dos aspectos socioculturais realizaranse traballos ( posters, etc...) e observarase en clase respecto e aprecio pola distinta visión do mundo). Teranse en conta tamén a expresión oral na aula, tanto a corrección da pronuncia na lectura como na produción oral de diálogos.

**Actitudes:**

- Respecto cara aos compañeiros, cara a materia e cara ao / á profesor /a.
- Respecto aos valores presentes no proxecto educativo do centro:
  - A Igualdade real e efectiva entre Homes e Mulleres. Destacar a achega de Mulleres e Homes á cultura francófona e establecer comparacións coa nosa cultura. Potenciar actitudes de cooperación e corresponsabilidade entre ambos sexos.

Realizarase unha avaliación inicial, na unidade 0, que permitirá coñecer o nivel de partida de cada grupo de alumnos e alumnas.

Ainda que xa sinalamos que a avaliación é continua, a 3ª , por ser a última e onde se recolle o progreso feito na materia ao longo do curso, poderá ter un peso maior , podendo ser decisión do profesor redondear segundo a progresión do alumno.

Finalmente, realizarase unha proba extraordinaria en setembro cos contidos mínimos correspondentes a todo o curso. Para aprobar dita proba, o alumno debe:

- Obter un 5 sobre 10 na proba.
- Entregar realizadas as actividades que sexan encomendadas (serán calificadas cun 2 se son ben presentadas e computarán para poder aprobar o exame se se ten polo menos un 3,5)

**Moi importante:**

Como sempre traballamos con medias, precisamos que os cálculos sempre se realizan mantendo os decimais dos resultados obtidos. Os **redondeos só se aplican na nota global final de cada avaliación** .

Para rematar e en relación á falta de asistencia dos alumnos aos exames, como norma xeral, o alumno que non asiste a un exame deberá presentar ao profesor a debida xustificación da súa ausencia o mesmo día que se reincorpore ao centro. O profesor decidirá, dependendo do tipo de xustificación, se procede repetir o exame de avaliación e, en caso afirmativo, o día e a hora. Se o alumno non presenta a xustificación no prazo establecido, perderá o dereito ao exame.

Os alumnos que, por acumulación de faltas de asistencia, perdan o seu dereito á avaliación continua dos apartados 2 e 3 e segundo o reglamento de réxime interno , sempre terá que alcanzar os obxectivos e contidos do curso e será avaliado de modo extraordinario.

As probas serán as seguintes:

- unha proba composta de morfosintaxe , léxico e redacción o tradución de frases sinxelas.
- Unha proba oral de lectura e conversación.
- O alumno deberá presentar os traballos que se esixiron durante o curso ao resto dos alumnos.

#### **2.5.4. Sistema de recuperación de avaliacións pendentes común a etapa da ESO**

Dado que a avaliación é continua e que a progresión na adquisición dos contidos é en espiral, neste apartado apelamos ao criterio das porcentaxes exposto máis arriba. Cada exame que se realice recollerá algúns aspectos da materia impartida no período anterior, de maneira que o alumno poida recuperar os contidos de cada avaliación na seguinte, maiormente tratándose dunha lingua.

No entanto, ao alumno con algunha avaliación suspensa poderánselle ofrecer, se así o solicita, actividades complementarias ou alternativas que faciliten a adquisición dos contidos non conseguidos.

A nota final de cada avaliación obterase tendo en conta as seguintes porcentaxes:

### **FICHA DE CONTROL DO TRABALLO EN CLASE E A ATITUDE CARA Á MATERIA:**

#### **CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA**

Como sinalamos anteriormente nos procedementos de avaliación, a boa convivencia no grupo é un elemento fundamental á hora de desenvolver un proceso de ensino-aprendizaxe positivo.

En todo momento, procuraremos respectar e facer respectar os dereitos e deberes de profesor e alumnos.

A comezos de curso, expoñeranse as normas básicas de comportamento e de convivencia na aula, facendo fincapé na puntualidade, na orde na aula, na limpeza xeral, na actitude positiva cara á materia e cara ao traballo do profesor e dos compañeiros, no respecto mutuo, no respecto dos turnos de palabra, etc.

Se ao longo do curso se manifestan problemas de convivencia, procuraremos entre todos recordar estas normas básicas iniciais e buscar unha solución positiva para cada problema a nivel individual e/ou colectivo.

Aquí fago ver, **a maneira de rúbrica**, un modelo de ficha de seguimento e valoración destas normas, de estricto cumprimento na aula e que foi enviada aos pais dos alumnos da ESO en outubro, coa finalidade de que as coñezan tamén e ensinen aos seus fillos a seguilas sempre, ao tempo que estarán informados do seu cumprimento :

**Avaliación de clase** : O obxectivo principal para aprender unha lingua é comunicar ( para iso, é necesario o respecto mutuo e saber escoitar) na lingua correspondente, polo que o alumno se compromete a cumprir estas normas, con coñecemento dos pais:

| ACTITUDES  | AVALIACIÓNS |    |    |
|--|-------------|----|----|
|  | 1ª          | 2ª | 3ª |
| 1. Manter sempre a <b>atención necesaria non falando en clase</b> , nin interrompindo aos demais.  | + - +*      |    |    |
| 2.Traer <b>sempre o material de clase</b> : libro, caderno persoal e cahier d'exercices. Bolígrafo azul/negro, lápiz para o <b>cahier</b> . Vermello para correccións e demais cores para resaltar o importante. | ++++        |    |    |
| 3.Traer <b>sempre as tarefas feitas de casa</b> sen copiarlas de outros compañeiros.   |             |    |    |
| 4.Realizar o <b>traballo de clase con interés e orde</b> .   |             |    |    |
| 5. Tratar de <b>participar na L.E.</b> cando mo pidan <b>respetando sempre os turnos de palabra</b> levantando a man e mostrando interés por todo o comentado na clase referente á cultura francesa neste caso.  |             |    |    |

*\*Cada un destes 5 ítems serán avaliados con 0,4 puntos, ata 2 ; 4 positivos seguidos nas clases = 1 punto e servirán para facer media con as notas das probas escritas e orais, sempre que se teña unha nota mínima de 4 nas mesmas.*